

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

II Feira do Libro de Melide, esta fin de semana

"Galiza foi o máis xeneroso dos países convidados á Feira do Libro da Habana"

Falamos coa cubana Yanelis Velazco Fajardo, autora do ensaio *'Xosé Vázquez Pintor: la memoria que reconstruye un mundo'*, e pregoeira do evento literario melidao.

Redacción - 18:30 28/07/2009

A vinculación da cubana Yanelis Velazco Fajardo con Galiza, paradoxalmente, non lle vén de sangue como sucede con moitos outros habitantes da illa caribeña, aínda que tampouco o descarta: "Que cubano non ten un devanceiro galego!".

Hai 15 anos que esta profesora da Facultade de Artes e Letras da [Universidade da Habana](#) entrou en contacto coa nosa cultura. Sendo estudante matriculouse nos cursos que impartía a Cátedra Galega e coñeceu os autores canónicos primeiro -"Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro, ..." e xa logo, os contemporáneos.

O descubrimento de varios poemas de [Xosé Vázquez Pintor](#), os de tres libros en concreto -*Ofidios de diario*, *Na vertical da noite* e *Rotación violeta*-, foi o que a levou a se decantar polo escritor melidao para a súa tese.

"Atraeume o discurso permanente da memoria na súa obra, da memoria que el identifica con Galiza. A miña profesora pensaba que estaba media tola por elixir un escritor do que lera só uns cantos poemas", comenta Yanelis.

Mais conseguiu que dende a outra beira do Atlántico se lle mandase a bibliografía de Vázquez Pintor, dentro do intercambio cultural que a emigración se encargou de manter durante moitos anos. O ensaio *Xosé Vázquez Pintor: la memoria que reconstruye un mundo*, editado pola Universidade da Habana e a Cátedra Galega, recolle o seu traballo.

Presentouse en febreiro do 2008, durante a [Feira Internacional do Libro da Habana](#). A autora valora moi positivamente o paso de Galiza polo evento literario, un dos máis recoñecidos internacionalmente e que -asegura- permitiu que en todas as bibliotecas da illa haxa algunha obra en galego.

"Galiza -afirma- foi o máis xeneroso dos países convidados. É a sensación que quedou entre os cubanos".

Non podería ser doutro xeito dados os "vínculos culturais, os vínculos entrañábeis" que unen os dous pobos. Neste senso, considera que a Feira do Libro da Habana serviu para reforzar ese "diálogo permanente", dentro dunha "historia común indisolúbel".

Os lazos son moitos. Os seus persoais tamén a 'atan' a outros autores do noso país como [María do Cebreiro](#), á que prologará un seu poemario editado pola Cátedra Galega dentro da colección *Camiño sobre o charco*.

Con 33 anos, Yanelis -"unha mociña de alén do mar", como lle di Vázquez Pintor- é autora de varios ensaios sobre literatura cubana e galega, publicados en diversas revistas de poesía como [La Jiribilla](#), [La siempreviva](#) ou [La letra del escriba](#). E este sábado será a encargada de pregoar a [Feira do Libro de Melide](#), do que lles ofrecemos o programa a continuación:

II FEIRA DO LIBRO NO CAMIÑO DE SANTIAGO - MELIDE 2009

SÁBADO, 1 DE AGOSTO

10.30 h.. Inauguración da II Feira do Libro Camiño de Santiago

11.30 h.. Actuación da agrupación A Maristela

12.00 h. Pregón a cargo de Yanelis Velazco Fajardo

13.00 h. Conferencia de Carmen Blanco: Rosalía escritora, integral, polifónica, universal

17.30 h. Apertura da feira

17.45 h. Pregón para rapaces e rapazas con Heidi Kühn-Bode

18.00 h. Obradoiro de teatro para rapaces e rapazas con Heidi Kühn-Bode

18.30 h. Entrega de premios do II Concurso de Artes Plásticas-Melide 2009

19.30 h. Títeres Cachirulo: Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí

21.15 h. Sorteo de libros

22.30 h. A compañía de teatro Volta e Dálle representa a obra Pan, catro propostas arredor da malla. Este espectáculo é para adultos. Lugar praza do Convento.

DOMINGO, 2 DE AGOSTO

10.30 h. Apertura da feira

12.00 h. A escritora melidá Inma López Silva asinará libros da súa autoría na carpa da feira

13.00 h. Conferencia de Santiago Jaureguizar: Todo o que sempre quixo saber sobre a literatura e que ninguén lle contou

17.30 h. Apertura da feira

17.30 h. Obradoiro de ilustración con Marisa Irimia

19.00 h. Encontro co escritor e investigador melidao Carlos Parrado, autor do libro: Curuxás, o guerrilleiro que non cazou Franco

20.00 h. Presentación do libro 'A terra do medio', do escritor melidao Xosé Vázquez Pintor

21.15 h. Sorteo de libros

21.30 h. Peche da feira cun recital de poesía e música co poeta Juan Carballo: A casa do poeta